

# ReMesa

A M E S A I N F O R M A

## 23 de abril de 1999: Dia Europeo das Línguas

### Comemoración da Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos

*O 23 de abril de 1999 celebrou-se o Dia Europeo das Línguas, data que A Mesa pola Normalización Lingüística, a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (ASPG) e a Axéncia Europea para as Línguas Menos Estendidas quixemos aproveitar para realizar un ciclo de actos co que conmemorar a aprobación da Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos. Estes actos tiveron como obxectivo facer un balanceo de todo o traballo de seguimento realizado nos tres anos transcorridos desde a aprobación da DUDL en xuño de 1996 (novos apoios e adhesións, traducións, edicións, etc.), polo que as tres mesas redondas que se incluíron no programa tiveron como lema xeral "A Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos tres anos despois".*

*Os tres actos tiveron lugar en Vigo (19 de abril, ás 20.00 h. na Galería Sargadelos), Santiago (20 de abril, ás 19.30 h. na Galería Sargadelos) e A Coruña (21 de abril, ás 12.30 h. na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña). Nestes actos, ademais de representantes das asociacións organizadoras, contamos coa presenza de Aureli Argemí, Presidente do Comité para o Estado Español da Axéncia Europea para as Línguas menos Estendidas, Manuel Rodríguez, Presidente da Fundación Galicia-Empresa, Pilar Garcia Negro, integrante do Consello Científico da DUDL, Margarita Ledo, catedrática de Comunicación Audiovisual na Universidade de Santiago e X.L. Armesto, Decano da Facultade de Ciencias da Univ. da Coruña.*

#### A Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos (DUDL)

Entre os días 6 e 8 de xuño de 1996 reuníronse en Barcelona expertos en dereito lingüístico de todo o mundo e representantes de máis de cen organizacións, nunha Conferencia Mundial de Dereitos Lingüísticos, convocada por iniciativa do Comité de Traducións e Dereitos Lingüísticos do PEN Clube Internacional e o CIEMEN (Centre Escarré per a les Minories Ètniques i les Nacions), co soporte moral e técnico da UNESCO. A Asemblea de participantes aprobou por aclamación e asinou a Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos, nun acto celebrado o día 6 de xuño no Paraninfo da Universidade de Barcelona. Comezaba así para a DUDL un novo camiño que ha de levá-la a converter-se nunha Convención Internacional das Nacións Unidas.



#### O seguimento

A proclamación da Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos marcou o final dun proceso e o comezo doutro. De feito, a Asemblea de participantes da Conferencia criou un Comité de Seguimento da DUDL coa finalidade de guiá-la cara ao recoñecemento internacional e de conseguir o máximo apoio posíbel de institucións e entidades de todo o mundo, un apoio que reforza o peso moral da Declaración e axuda a difundir o seu contido para conseguir que sexa un texto de referencia internacional que actúe en certa medida como complemento da Declaración Universal de Dereitos Humanos. O Comité de Seguimento creou un Consello Científico formado por expertos en dereito lingüístico de todo o mundo, consello do que forma parte en representación de Galiza **Segue na páx. 2**

**Vén da páx. 1** Pilar Garcia Negro. A súa finalidade é recoller novas ideas e aportacións que completen e melloren o contido da Declaración, así como estar a disposición da UNESCO cando esta o requira.

Por outra parte, o Comité de Seguimento continua a buscar novos apoios para a Declaración. Así, nestes anos, a DUDL recibiu multitude de adhesións de destacadas personalidades de todo o mundo (Wisława Szymborska, Nelson Mandela, Noam Chomsky, José Ramos Horta, Dalai Lama, Desmond Tutu, Adolfo Pérez Esquivel, Seamus Heaney, Shimon Peres, Yasser Arafat, Octavio Paz, etc.), así como de diversas institucións públicas, concellos, parlamentos democráticos, universidades, fundacións, ONGs, etc.

Ademais, para contribuir á súa maior difusión, a DUDL traduciu-se e segue a traducir-se a diferentes linguas; así, ademais da edición en galego realizada pola MESA, existen edicións en xaponés, búlgaro, francés, español, ruso, zapoteco, bieloruso, portugués, italiano, alemán, húngaro, éuscaro, catalán, etc.

## A DUDL e Galiza

Na Conferencia Mundial de Dereitos Lingüísticos tamén estivo presente o noso país. De Galiza asinaron a Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos Ursula Heinze, como representante do PEN Clube galego; a profesora da Universidade da Coruña Pilar Garcia Negro, como experta; e Xosé Manuel Sarille, como presidente naquel momento da Mesa pola Normalización Lingüística.

O compromiso das organizacións presentes na Conferencia foi o de presentar a Declaración a gobernos, institucións e todo tipo de organizacións para que a fixesen sua asinando-a e aderindo-se a ela. Con ese mesmo obxectivo A Mesa pola Normalización Lingüística editou e distribuíu masivamente a versión galega da Declaración (Concellos, institucións, organizacións, etc.), co obxectivo de que tivese en Galiza a maior difusión e que fose acollida por todos os cidadáns, sen distinción de ideoloxías e á marxe de adscricións políticas.

Neste tempo, moitos foron os apoios e adhesións que a Declaración recibiu no noso país: o Parlamento Galego, numerosos Concellos (Santiago, Vigo, Ferrol, Bueu, Abegondo, Cambre, Tui, Salvaterra de Miño, As Neves, Salceda de Caselas, Vimianzo, Corcubión, Camariñas, Carballo, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Vereia, Viana do Bolo, Ribadavia, Rairiz de Veiga, Coles, Gondomar, etc.), institucións, organizacións sindicais, estudantis, culturais, etc., así como un grande número de persoas a nivel individual.

## Os dereitos lingüísticos: colectivos e individuais a un tempo

A Declaración considera inseparábeis e interdependentes as dimensións colectiva e individual dos dereitos lingüísticos, tendo en conta que a lingua se constitúe colectivamente no seo dunha comunidade e é tamén no seo desa comunidade onde as persoas fan dela un uso individual. Así pois, o exercicio dos dereitos lingüísticos individuais só se pode facer efectivo se se respeitan por igual os dereitos colectivos de todas as comunidades e de todos os grupos lingüísticos.

Pode-se ampliar información na web <http://www.linguistic-declaration.org>

## PARABÉNS

Para os minicines Central Vamarti da Estrada, que fan un uso normal do galego nas súas actividades, unha iniciativa de moita importancia sobre todo pola implicación que teñen coa xente nova.

Para Xosé Diéguez Reboredo, bispo de Tui-Vigo, que o pasado mes de marzo publicou un artigo na prensa, "Progresar no uso da lingua galega", no que fai unha reflexión sobre o escaso uso do galego por parte da Igrexa e fai un chamamento aos cregos para que dean os pasos decisivos no progresivo uso do galego na litúrxia e para que animen con enerxía a consecución dese compromiso. Moitos xestos deste se precisan para mover esa lousa...

Para o restaurante "O vexetariano", na rua Porta de Aires, na Coruña (Tel. 981 213826), que combina con naturalidade cociña e lingua.

Para a cadea de froiterías Frutalia que fai uso normal da nosa lingua nos seus establecementos. O seu lema, "A compra máis substanciosa", é tamén substancioso para a nosa lingua.

## A historia dun contrato de Correos

Hai unhas semanas, un funcionario de Correos dirixiu-se a nós para entregar-nos un contrato que debiamos asinar para proceder á domiciliación dos pagamentos do apartado con franqueo en destino que A Mesa ten contratado. Demandamos cópia do contrato en galego e indicamos a nosa intención de non asinar mentres non tivesemos o contrato no noso idioma. Logo duns días, volveu pór-se o citado funcionario en contacto connosco para indicarnos que non dispuñan de cópia en galego, que Correos era unha empresa de ámbito "nacional" e que esas cousas ían a Madrid polo que non se podían facer en galego, que con posturas radicais como a nosa non se ía a nengun sitio, que outras institucións de maior importancia que a nosa (a Xunta, a Universidade, o Parlamento, ...) xa asinaran o contrato e non puxeran nengunha obxección, que "esperaba" que non tiveramos nengun problema por non asinar o contrato dentro das datas estipuladas, etc. Logo de rebater sen resultados prácticos tan profundas argumentacións, puxemo-nos en contacto co departamento comercial na Coruña onde, tras pedir-nos desculpas por non dispoñeren de cópia en galego e polo trato recibido na oficina de Santiago, quedaron en que nos habían enviar o contrato en galego en canto dispuxesen da cópia. Logo dunha semana, chegou a cópia en galego.

## Os Reis Magos de Correos, tamén en galego

A Mesa realizou este pasado nadal unha protesta pola ausencia do galego na campaña dos Reis Magos dirixida a nenos e nenas que Correos vén realizando habitualmente nestas datas. A campaña inclúe a recollida de cartas dos nenos e nenas nunhas caixas de correo que se distribúen a ese efecto nas distintas oficinas e das que logo os rapaces reciben unha resposta através dun "paxe real". O ano pasado, tanto na fase de promoción da iniciativa como nas respostas que Correos enviaba aos nenos e nenas, discriminábase totalmente o uso do galego e nen sequer os nenos que enviaban as súas cartas en galego recibían a contestación no seu idioma. Tras a denuncia realizada pola Mesa ante o Director Xeral de Correos e ante os catro xefes provinciais, este ano realizaron modelo en galego da carta de resposta e incorporárona na campaña.

## Que nos oían

A práctica demostra que é imprescindible –aínda que non sempre consigamos resultados efectivos– que todos nos fagamos oír. Que non nos poidan dicir que nunca ninguén lles pediu tal ou cal impreso en galego, que somos os primeiros en protestar, que non teñen versión en galego de... porque nunca os precisaron, etc. Todo iso que seguro escoitastes moitas veces sen saber moi ben se era certo ou non. É importante que sigamos coas protestas ate o final e que nos fagades saber os resultados –positivos ou negativos– das vosas xestións.

# O galego, língua viva

Ás 12 da mañá, no Parque de Bonaval

*Continuando co esforzo iniciado o ano pasado de recuperar o carácter máis reivindicativo do Día das Letras Galegas, convocamos para este 17 de maio, xunto co BNG, CCOO, CIG e EdeG, unha concentración no parque de Bonaval, en Compostela, centrada na denuncia da situación da lingua galega entre a xente máis nova. O acto, que terá como lema "O galego, lingua viva", fará especial fincapé na reivindicación da lingua como algo vivo, utilizando a concentración no antigo cemitério de Bonaval como un elemento de contraste; a política lingüística do Partido*

*Popular quiere conducir a lingua cara aos cemitérios: os datos do Mapa Sociolingüístico de Galiza constatan un forte descenso do uso do galego nas novas xeracións e, a pesar de que transcorreran xa 5 anos dende a súa edición, non se tomaron aínda medidas específicas nese sentido. Para que se adopten esas medidas que permitan a recuperación do uso do galego nas novas xeracións, como se recuperou o cemitério de Bonaval para uso e desfrute da sociedade, convocamos-vos a ir ali a un acto no que daremos lectura do seguinte manifesto.*

## Manifesto de Bonaval

No ano 1994 publicou-se o primeiro volume do *Mapa Sociolingüístico de Galiza*, que constataba un forte descenso do galego como lingua inicial nas xeracións máis novas; segundo os datos nel recollidos, na franxa de idade por riba dos 65 anos, aprenderan a falar en galego máis do 80% da poboación, mentres que na xeración entre 16 e 20 anos, non tiveran o galego como lingua inicial máis que o 34,4% dos galegos e galegas. Estes datos non facían máis que constatar algo que xa se viña denunciando con anterioridade: a perda do galego como lingua de transmisión xeracional, como legado de pais a fillos, a forma máis natural de transmisión de calquer idioma. Os seguintes volumes do *Mapa Sociolingüístico de Galiza* continuaban a dar información preocupante sobre o uso do galego nas xeracións máis novas, que están a sufrir un intenso proceso de desgaleguización nos seus hábitos lingüísticos a respecto da xente máis vella: os mozos e mozas entre 16 e 25 anos, a xeración máis nova que se inclúe no estudo, son os únicos que por primeira vez non teñen o galego como lingua maioritaria de uso.

Os datos do Mapa Sociolingüístico de Galiza serviron para constatar con maior respaldo científico que a tendencia de perda de uso do galego como lingua habitual é cada vez máis forte na xente nova, a pesar de seren precisamente estas as xeracións que teñen unha mellor actitude a respecto da nosa lingua. Os importantes avances que se foron producindo en campos concretos cunha forte proxección social e un maior acceso á formación e á información atenuaron os efectos dos prexuízos lingüísticos, mais non conseguiron inverter as tendencias descendentes do uso do galego.

Sen embargo, aínda que houbo tempo máis que suficiente para asumir esta situación e deseñar as medidas necesarias para tentar combaté-la, a Xunta de Galiza non adoptou nengun tipo de iniciativa específica dirixida á xente nova. A pesar de que os datos peden con urxencia absoluta un plan claro e efectivo de política lingüística para a mocidade, seguen sen desenvolver-se programas de actuación naqueles campos de maior incidencia nas xeracións máis novas, non se poñen os medios públicos ao servizo da prioridade urxente de recuperar a lingua nas novas xeracións e segue sen actuar-se con decisión e claridade nun ámbito de trascendental importancia como é o sistema educativo. Así, fronte ao que está a ocorrer noutras situacións lingüísticas semellantes á nosa, a política lingüística do Partido Popular non dá invertido a curva descendente do idioma e non sabe –ou non quere– aproveitar o cambio

positivo que se está a producir nas actitudes lingüísticas das xeracións máis novas de galegos e galegas. Así, a pesar dos anos transcorridos e dos medios investidos, a política lingüística da Xunta de Galiza segue a levar a lingua cara aos cemitérios.

Pero a pesar desa preocupante tendencia á baixa, a nosa lingua está viva e aínda segue a ser a lingua maioritaria da poboación. E non podemos consentir por máis tempo que o abandono, a incompetencia e a desidia sigan a ser as principais características da actitude da Xunta de Galiza ante o descenso de uso do noso idioma; non podemos consentir que, dende o control que permite o abuso de poder, sigan a manipular os datos e a información para facer-lle crer á sociedade que a situación da lingua mellora e que determinados avances desvían a atención da principal necesidade da nosa lingua: unha actuación rápida e decidida de apoio sen reservas á súa extensión plena.

O parque de Bonaval é un exemplo claro de actuación contundente co obxectivo de recuperar un cemitério para o uso, goce e aproveitamento da sociedade, para a vida. Dende el, e como símbolo do cambio, demandamos da Xunta de Galiza o deseño e posta en marcha dun plan xuvenil de normalización lingüística que permita recuperar a normalidade de uso do galego na nosa mocidade. Porque o galego é unha lingua viva.

Parque de Bonaval, 17 de maio de 1999  
A Mesa, BNG, CCOO, CIG, EdeG

O 17 de maio, como todo o ano,  
tamén co libro galego



Urzaiz 125 • Tel/Fax 986 37 28 83 • 36205 VIGO

---

# Celebramos a nosa VI Ase

*O pasado 23 de Xaneiro A MESA pola Normalización Lingüística celebraba en Compostela a súa VI Asemblea Xeral Ordinaria de sócios e sócias, punto final dun proceso que incluíu a celebración de distintas asembleas locais en diferentes zonas do país (A Coruña, Vigo, Ourense, Muros-Noia, Barbanza, Ferrol, Salnés), nun esforzo*

*por achegar as nosas propostas e reflexións a todos vós e recoller tamén as vosas críticas e ideas. Foi tempo para o repaso, a análise e a valoración das liñas de traballo da organización –que acaba de cumprir trece anos–, para a presentación de propostas para o futuro e tamén para a elección de nova xunta directiva.*



## Balanzo de actividades

Destacamos, máis unha vez, que unha das principais liñas de traballo da Mesa segue a ser a denuncia ante as agresións e discriminacións do galego e o incumprimento da lexislación vixente. Vemos así como unha boa parte dos nosos recursos e esforzos son para demandar da Administración que cumpra coas obrigas que por lei e por dignidade lle corresponden. Centos de protestas e propostas dirixidas á propia Xunta de Galiza ou a distintos concellos, así como a multitude de empresas, a través de cartas, chamadas, denuncias na prensa ou campañas específicas como a desenvolvida contra a decisión do CDG de realizar unha montaxe teatral en español. Destaca tamén o traballo na reivindicación da nosa toponimia ou no mundo do ensino, dende as dúas plataformas nas que A Mesa actúa como coordinadora: a Plataforma polo Ensino en Galego (da que forman parte, xunto coa Mesa, a ASPG, Nova Escola Galega e os sindicatos CIG, CCOO e STEG) e a Plataforma do Alunado pola Galeguización do

Ensino Médio, integrada por Galiza Nova, CAE, a área de mocidade de Esquerda Unida e a Mocidade da Mesa. Á par destas están iniciativas como as campañas de Rebaixas, de galeguización das cartas dos restaurantes, mobilizacións, etc.

A nivel organizativo, podemos destacar destes dous últimos anos o esforzo por artellar e reforzar o traballo da Mesa nas distintas zonas do país, o que supón por unha parte unha maior efectividade e incidencia das campañas que se organizan a nivel nacional e, por outra, unha maior capacidade para incidir máis de perto no proceso de normalización da nosa lingua e para permitir que se integren activamente no noso proxecto o maior número posíbel de persoas.

## Mocidade pola Normalización Lingüística

Importante foi tamén a consolidación da Mocidade pola Normalización Lingüística, a sección xuvenil da Mesa, que, nos seus tres anos de vida, conseguiu chegar á xente nova

# Asamblea Xeral

cun discurso propio, con orixinalidade de propostas e con moita eficacia; boa mostra son as iniciativas desenvolvidas no mundo do ensino ou na dobraxe de cinema ao noso idioma.

## Dificultades económicas

Unha das materias pendentes, na que estamos a traballar intensamente, ten que ver coa mellora nas nosas relacións con todos e todas vós: cobro de cotas, envío de correspondencia, etc., aspecto para o que precisamos da vosa colaboración (actualización de datos bancarios e postais, etc.). Neste sentido acabamos de enviar cartas aos socios e socias que teñen devoltos os recibos para tentar recuperá-los e procederemos proximamente a realizar unha campaña xeral de afiliación, xa que non se fai nengunha desde 1995.

Para compensar estes problemas e poder manter o ritmo de funcionamento, estamos a intensificar novas liñas de financiamento: busca de socios-colaboradores, campañas en colaboración con outras entidades, venda de material, etc.

## Propostas de futuro

De cara ao futuro son moitas as materias pendentes; algunhas levan tempo xa enriba da mesa e baten sempre coa enorme dificultade que supoñen as limitacións humanas e económicas da nosa organización e coa necesidade de establecer prioridades e ir atendendo ao día a día para manter a capacidade de resposta e de reacción que debe ter A Mesa. Pendente está, por exemplo, a revitalización do Colectivo de Nais e Pais polo Ensino en Galego, un proxecto necesario ao que haberá que prestarlle moita atención, apoio e esforzos nos próximos meses. Ademais seguiremos mantendo o esforzo por dinamizar o traballo das zonas, por seguir a traballar en campos como o ensino, a mocidade, o mundo da empresa e o comercio, etc. e por seguir aumentando a proxección e presenza social da Mesa, sen esquecer por suposto o importante papel das mobilizacións (carreiras pola lingua, concentracións e manifestacións, etc.). Non imos esquecer tampouco que nestes dous anos próximos imos recibir moita xente de fóra e estamos preparando unha campaña para que saiban que están nun país cun idioma propio.

## Nova xunta directiva

Renovamos tamén a Comisión Permanente. Deixaron o seu traballo na permanente Asunción Árias e Carlos Manuel Callón. Incorporaron-se tres persoas novas: Maruxa Guitián Montero, Xoán Manuel Garrido Vilariño e, como responsable da Mocidade, Verónica Reñóns Gaviño. Continúan o seu traballo Xosé María Fernández, Xosé Baldomir, Xoán Comesaña e Concha Costas.

## Asemblea Extraordinaria

No mesmo día 23 tivemos tamén unha Asemblea Extraordinaria, para proceder a unha reforma de estatutos que nos vai permitir que a organización sexa recoñecida como de interese social e, por outra parte, facer modificacións para adaptá-los a novas realidades da organización (funcionamento das zonas, orzamentos anuais, etc.)

## NOS CONCELLOS

### Normalización lingüística no concello de Lalin

A comezos de marzo o Concello de Lalin fixo pública a convocatória para contratación dunha persoa para realizar as tarefas de normalización lingüística. Nas bases que regulaban o proceso de selección da praza, establecíase como un dos requisitos "Estar en posesión do título universitario de licenciado en filoloxía hispánica", sendo esta a única referencia que se facía á titulación requirida para poder optar á praza. Tal e como estaba formulada a convocatória, resultaba sorprendente constatar que se estaba a excluír precisamente aos licenciados e licenciadas na titulación de Filoloxía Galega. A Mesa dirixiu-se ao Alcalde de Lalin, Xosé Crespo, para demandar que procedesen a suspender a convocatória realizada, e o proceso iniciado, e que volvesen convocar a praza de maneira que se garantise que ían poder concorrer tamén os licenciados en Filoloxía Galega e que se establecesen os criterios de valoración axeitados para a especialidade de Galego-Portugués da antiga Filoloxía Hispánica, así como para outros títulos ou certificados de competencia da lingua galega ou doutros méritos pertinentes. Efectivamente, a praza volveu-se convocar corrixindo os requisitos, aínda que desde o propio Concello nos indicaron que só querían contratar alguén que fixese a tradución ao galego do Plan Xeral de Ordenación Urbana, máis nada. É mágoa que se sigan convocando estas prazas para traballo de tradución, unha fase que debería estar superada xa hai tempo e un traballo para o que existen outras saídas. Os Servizos de Normalización dos concellos e doutras institucións deberían ter outra función.

### Convénio en Vigo

A Mesa acaba de asinar un convenio co Concello de Vigo e a Asociación de Comerciantes da cidade co obxectivo de impulsar o proceso de implantación do galego nas actividades comerciais e publicitarias da cidade.

Segundo este convenio, A Mesa será a encargada de deseñar os contidos e actuacións dunha campaña de sensibilización dirixida aos consumidores e aos comerciantes, ao tempo que facer o seguimento das iniciativas que se desenvolvan no marco deste acordo. Ademais de contribuir no desenvolvemento desta campaña, a Asociación de Comerciantes compromete-se á utilización do galego nas súas actuacións, especialmente nas campañas de promoción do comercio vigués, a promover cursos de formación entre os comerciantes, rotular en galego establecementos e produtos, etc.

Unha boa proba do necesarias que son este tipo de iniciativas foi o feito de que no acto de presentación deste convenio, o presidente da Asociación de Comerciantes expresou-se en español. Mal comezamos...



---

# A correr...



Un ano máis, co obxectivo de fomentar entre a xente nova o hábito de mover-se pola lingua, volvemos convocar as carreiras en defensa do galego, con vocación de que vaian medrando en número ano a ano e sexamos quen de converté-las en algo habitual no mes de maio, nunha reivindicación de carácter xuvenil. A Plataforma polo Galego no Ensino Médio dirixiu-se este

ano a todos os centros de ensino médio para tentar impulsar estas iniciativas en todo o país. Nestas iniciativas combina-se o carácter deportivo co reivindicativo, polo que non son probas competitivas: o importante é o carácter lúdico e participativo do acto. Ademais das que poidan ir xurdindo noutras zonas, desde A Mesa, en colaboración cos centros de ensino de cada zona, estamos a colaborar na organización de tres carreiras populares en defensa do idioma:

- Correlíngua 99, en Compostela, que ten xa cartaz anunciador elaborado por un alumno do IES Xelmírez I, Alexandre Fidalgo, gañador do certame de debuxo previo á carreira. A Correlíngua de Compostela, que o ano pasado xuntou a case 3.000 participantes, está organizada en colaboración coa Coordinadora dos centros de ensino médio de Compostela, o Concello de Santiago e a Agrupación Cultural O Galo. Sairá da Praza da Quintana ás 12 da mañá do mércores, 12 de maio, baixo o lema "A meta... o galego!"
- No Salnés, onde varios institutos da zona levan nove anos organizando unha carreira reivindicativa pola lingua, este ano vai-se realizar esta iniciativa de maneira conxunta entre os nove centros de ensino secundario da zona, co apoio da Mesa e a Coordinadora de ENL dos centros de ensino médio da zona e a colaboración do Concello de Vilagarcía. Para favorecer o traballo previo nos centros convocou-se tamén un certame de deseño do que saíu o cartaz anunciador da carreira que será o venres, 14 de maio, ás 12 da mañá. O percorrido será desde Carril até a Praza da Pescadería, transcorrendo na súa maior parte polo paseo marítimo.
- Tamén na zona de Muros-Noia, imos contar con outra Correlíngua na que van participar os centros de ensino da zona e que conta coa colaboración co Concello do Porto do Son. Será o venres, 14 de maio, ás 12, baixo o lema "Pon a tua lingua en marcha",

---

## Agresión de Caixa Galicia ao galego

A Mesa denunciou ante o director xeral de Caixa Galicia, Xosé Luís Méndez, a grave discriminación e trato insultante sufrido por unha cliente de Caixa Galicia que demandou nunha oficina desta entidade bancaria en Vigo un certificado en galego. Este tipo de feitos, que se están a repetir con preocupante frecuencia no trato diario e directo coas empresas cada vez que se intentan facer valer os dereitos dos galego-falantes, son unha proba evidente de que a normalidade de uso do galego que en teoría se nos garante, bate logo coa realidade no día a día. É moito o traballo de sensibilización que a Administración e as empresas teñen aínda por facer para garantir que as persoas que queren vivir con normalidade en galego non acaben sendo protagonistas, involuntarias e impotentes, de situacións violentas e mesmo insultantes, como a acontecida nesa oficina de Caixa Galicia en Vigo.

Resulta lamentábel comprobar que o tímido avance no uso do galego nas campañas publicitarias de Caixa Galicia, que con satisfacción viñamos observando nestes últimos meses, contraste coa verdadeira falta de respecto polo noso idioma que se detecta no día a día. Nese sentido, A Mesa demandou explicacións e desculpas por parte dos responsábeis de Caixa Galicia e que se tomen as medidas internas necesarias para

que este tipo de agresións non se sigan a producir. O director xeral a entidade bancaria puxo-se en contacto connosco para pedir desculpas polos feitos e asegurou-nos que se tomarían medidas para evitar estas situacións.

### *Caixa Gestión, só en español*

Tamén está discriminado o galego en *Caixa Gestión*, un novo servizo de Caixa Galicia que permite o acceso dos clientes ás súas contas e operacións na entidade a través de Internet. O servizo funciona unicamente en español, polo que, se sodes clientes de Caixa Galicia, xa sabedes... O enderezo electrónico é: [caixagestión@caixagalicia.es](mailto:caixagestión@caixagalicia.es).

### Como se vai chamar a nova Caixa?

Entre as múltiples informacións que os medios de comunicación nos foron ofrecendo sobre a fusión de Caixavigo, Caixa Ourense e Caixa Pontevedra, houbo moitas especulacións co nome da nova entidade. Para a nosa sorpresa, parece que finalmente a opción escollida será "Caja Gallega. A Caixa". Son esas cousas das meigas: a fusión de tres "caixas" dá como resultado unha "caja".



# A Tenda da ReMesa

Para solicitar calquer destes obxectos, dirixide-vos ao local central da Mesa en Santiago: Rua do Vilar, 68 - 3º - C.P. 15705 • Tel. 981 56 38 85 • Fax 981 58 37 82

## Camisetas



Referencia: 08  
1.000 pts.

Manga curta  
Tallas: L, XL



Referencia: 09  
1.000 pts.

Manga curta  
Tallas: L, XL



Referencia: 15  
Branco: 1.000 pts.  
Gris ou cru: 1.500 pts.


Manga curta  
Tallas: L, XL

Gastos de envío: 300 pts.

## Auto-colantes



Referencia: 03  
50 pts.



Referencia: 04  
50 pts.



Referencia: 06  
50 pts.

## Publicacións



Catálogo da mostra artística  
"Ourense por dignidade"

Referencia: 10 500 pts.  
Gastos de envío: 50 pts.

Nº de páx.: 59



"A Coruña, ¡así a queremos!" Apoios á campaña pola restitución do topónimo legal e estudo social da cidade.

Referencia: 11 1.300 pts.  
Gastos de envío: 300 pts.



Referencia: 13 100 pts.  
Gastos de envío: 100 pts.

## Novo material

- ▶ Gorras. Negra Referencia: 16  
Algodón 100% Azul Referencia: 17  
Dous modelos 500 pts.



- ▶ Camisetas ilustradores. Unha nova colección á que iremos incorporando novos modelos cos deseños de distintos ilustradores galegos.

Xaquín Marín Manga curta  
Referencia: 19 Tallas: L, XL  
1.500 pts. Gastos de envío: 300 pts.



Pepe Carreiro Manga curta  
Referencia: 20 Tallas: L, XL  
1.500 pts. Gastos de envío: 300 pts.



## Serigrafía

"Augaforte" de Xosé Monxardín.  
76 x 57 cm. 75 exemplares numerados e asinados polo autor.

Referencia: 18 15.000 pts.



## FOLLA DE PEDIDOS

PAGAMENTO: para cantidades inferiores a 1.000 pta. envío do importe en selos; para cantidades superiores a 1.000 pta. xiro postal ou transferencia (c.c.c. 2091-0300-40-3040116832). Os gastos de envío para lotes son únicos e correspóndense cos da peza de maior prezo do lote.

NOME: \_\_\_\_\_  
APELLIDOS: \_\_\_\_\_  
ENDEREZO: \_\_\_\_\_  
C.P. \_\_\_\_\_ POBOACIÓN: \_\_\_\_\_  
TELEFONO: \_\_\_\_\_ FAX: \_\_\_\_\_

AUTO-COLANTES: Ref. \_\_\_\_\_ Cant. \_\_\_\_\_ Ref. \_\_\_\_\_ Cant. \_\_\_\_\_ Ref. \_\_\_\_\_ Cant. \_\_\_\_\_  
CAMISETAS: Ref. \_\_\_\_\_ Talla \_\_\_\_\_ Cant. \_\_\_\_\_ Ref. \_\_\_\_\_ Talla \_\_\_\_\_ Cant. \_\_\_\_\_  
PUBLICACIONES: Ref. \_\_\_\_\_ Cant. \_\_\_\_\_ Ref. \_\_\_\_\_ Cant. \_\_\_\_\_ Ref. \_\_\_\_\_ Cant. \_\_\_\_\_  
GORRAS: Ref. \_\_\_\_\_ Cant. \_\_\_\_\_ Ref. \_\_\_\_\_ Cant. \_\_\_\_\_ SERIGRAFIA: Cant. \_\_\_\_\_  
IMPORTE DO MATERIAL SOLICITADO: \_\_\_\_\_

## Comunicando...

A medida que van proliferando as empresas de telefonía, van aumentando tamén as necesidades de demanda lingüística neste campo; se antes as queixas se centraban en Telefónica, agora temos que diversificar cara ás novas incorporacións, ao tempo que seguir insistindo cos de sempre.

### Telefónica

A pesar de que se lles pedira o envío de facturas en galego salvo a quen as solicitase en español, a corrección na toponimia, o coidado na atención persoal no noso idioma, etc. seguen a estar vixentes a maioría das demandas que lles fomos enviando. Seguimos a recibir queixas pola negativa a atender en galego no 1004, seguen usando La Coruña e Orense nas facturas en español, idioma que segue a ser maioritario na correspondencia e publicidade e usa-se mesmo con aqueles clientes que no seu momento solicitaron que querían recibir todas as notificacións en galego. É certo que algo mellorou a situación da nosa lingua na publicidade, aínda que temos que aturar unha vergoñante falta de coidado co uso do galego: non hai moito que recibamos uns folletos que dician "Te quedache moi cerca" ou máis recentemente valados publicitarios nos que nos indicaban que xa podíamos chamar "dentro de túa provincia". Se os materiais tivesen erros deste tipo en español, de seguro non se terían distribuído. Como podedes ver enviamos-vos xunto con este boletín unha tarxeta postal para lles lembrar que seguimos demandando os dereitos que non nos queren respetar.

### Retevisión e UNI2

Moito hai que dicir tamén da actitude de Retevisión co noso idioma. Xa antes de que iniciasen a súa actividade, a finais do 97, dirixímonos a eles para facerlles chegar un informe e unha táboa de demandas lingüísticas. A pesar de que inicialmente garantiran a emisión de contratos e facturas no noso idioma, a realidade é que dispuñan unicamente de versións en español e catalán, e as cousas non mudaron moito. Si comezan a incorporar o galego na publicidade, algo que inicialmente non estaba contemplando. Sen embargo, están a enviarlles aos seus clientes un modelo de contrato en español no que aparece sinalado xa cun "X" a opción deste idioma para as facturas, sen que dean a posibilidade do galego. Ve-se que decidiron escoller xa eles por nós. Tampouco dan entendido o tema da toponimia e non dan corrixido os nomes das nosas vilas e cidades. Lembramos-vos que o teléfono gratuito de Retevisión é o 015.

UNI2 parecía moi disposta a atender aos clientes en galego cando comezou a súa andaina. Pero o certo é que a nosa lingua está ausente da publicidade e das comunicacións que envían e tampouco dispoñen de contratos en galego. O seu teléfono é o 1414. Nós xa enviamos a nosa queixa e animamos-vos a sumar-vos. A ver que pasa.

### Telefonía móbil

Tamén os teléfonos portátiles ignoran a existencia do galego. Na maioría dos modelos, é posíbel ter como idiomas de pantalla o español e o catalán e mesmo o éuscaro, mais non o galego. Se dispoñedes de aparellos con estas características, dirixide-vos á empresa e facede a vosa protesta. Eles lanzan balóns fóra: os fabricantes dos aparellos din que é cousa das operadoras, e as operadoras din que é cousa dos fabricantes. Total, que un por outro, a casa sen varrer...

## Un novo "non" á nosa Proposición de Lei

O pasado 13 de abril volveu-se debater no Parlamento Galego a toma en consideración da Proposición de Lei sobre o uso do galego por parte da Administración da Xunta de Galiza que A Mesa lle entregara a todos os grupos parlamentarios para que a estudasen e a presentasen para o seu debate. A Proposición, que finalmente foi asumida por EdeG e polo BNG, xa fora levada ao pleno do Parlamento o pasado mes de setembro a instancias de EdeG e non fora admitida a trámite cos votos en contra do PP e os votos a favor dos outros tres grupos da Cámara. Desta vez foi o BNG quen a levou ao Pleno e volveu-se repetir a situación: de novo o PP impediu sequer que se admitise a trámite, alegando que a Lei de Normalización Lingüística xa garante o uso do galego por parte da administración e que as linguas non se imponen con leis senón co convencimento. Dixeron tamén que non podían aceptar o texto porque pretendía "substituír unha lingua propia por outra lingua tamén propia" (sic) e porque a súa política lingüística non contemplaba "unha planificación lingüística rigorosa". Canta novidade de argumentación! Non houbo sorte: será que era martes, 13.



## Estivemos de novo na campaña de rebaixas

No pasado Nadal, A Mesa volveu poñer en marcha en distintas zonas do país unha nova campaña para promocionar o uso do galego entre os comerciantes no período de "rebaixas". A iniciativa incluíu a distribución entre os comerciantes de distintos modelos de cartaces de rebaixas en galego. Esta iniciativa que A Mesa comezou a realizar hai xa anos contribuíu de maneira exitosa á implantación da nosa lingua neste campo e realiza-se agora en moitas zonas en colaboración con distintos concellos e con asociacións de comerciantes.

En Vigo, ademais de ofrecer tres modelos distintos de cartaces, elaborou-se tamén un folleto informativo sobre a rendibilidade do uso do galego nas actividades comerciais e sobre as actitudes dos vixeses e vixesas ante o uso da nosa lingua. O folleto, baixo o lema xenérico de "O galego vende", ofrece datos extraídos do volume *Vender en galego*, editado recentemente polo Consello da Cultura Galega e do *Estudio Sociolingüístico da cidade de Vigo* que o Concello presentou recentemente e que foi realizado por unha equipa da Universidade de Vigo. Segundo os datos que nel se ofrecen, os galegos e galegas preferen maioritariamente a rotulación e sinalética comercial en galego e aprécia-se que, ante calidades e prezos semellantes, o uso do galego inflúe positivamente na decisión final de mercar ou consumir un produto.

Coa distribución deste folleto, ademais dos cartaces de rebaixas, pretende-se que os comerciantes coñezan a influencia altamente positiva que o uso da nosa lingua pode ter nas súas actividades e aposten por unha incorporación definitiva do galego.

## Ourense

A Mesa acaba de abrir novo local en Ourense, na rua Conce-lo, nº 7-entrecán, porta 3. A apertura deste novo local supón un esforzo importante que se facia necesario tendo en conta o crecemento do traballo e da presenza da Mesa en Ourense nes-tes últimos anos. Esperamos que contribua a unha maior reper-cusión do traballo na zona de Ourense, que se atopa nestes momentos co desenvolvemento da campaña "Porque hai cousas que nos identifican, cámbia a matrícula" que informa dos cámbios legais que permiten xa que poidamos dispor das placas de matrícula dos vehículos con OU e anima a mudar as vellas placas polas novas. Esta iniciativa que xa se desenvolveu a nivel de toda a cidadanía, coa colaboración de diversas organizacións, enviou-se tamén a todos os concellos da provincia e, neste pasado mes de abril, a todos os centros de ensino da provincia para tentar impulsar, coordinado desde as ENL, actos públicos de cambio de matrícula arredor do Día das Letras Galegas. Por-que tamén OU son as nosas letras...

## O Bierzo

A lingua galega do Bierzo acaba de obter o recoñecemento legal a través da última reforma do Estatuto de Autonomía da Comuni-dade Autónoma de Castela e León (BOE 9.01.99). Un avance importante que pode abrir moitas posibilidades para o galego nesa zona. De feito, a Dirección Provincial de Educación comprometeu-se publicamente a que no curso escolar 1999/2000 se poderá eli-xir, con carácter voluntario, a materia de lingua galega no sistema educativo berciano. O colectivo de defensa de uso do galego no Bierzo, Fala Ceibe, está a desenvolver numerosas iniciativas para conseguir avances efectivos neste sentido (campañas de sensibili-zación na prensa e nos centros de ensino, recollida de sinaturas para pedir que a biblioteca da casa da Cultura de Ponferrada dis-ponha de fondos bibliográficos en galego, unha exposición de cartac-es e un encontro de escritores de cara ao 17 de maio, etc.) Se queredes máis información podeades dirixir-vos a: Colectivo Fala Ceibe. Avda. do Castelo 203, 2°C. 24400 Ponferrada, O Bierzo.

## Vigo

A MESA está a realizar en Vigo distintas xestións para demandar maior uso do galego en distintos ámbitos e institucións da cida-de. Mantivemos unha entrevista co reitor da Universidade de Vigo, así como co responsábel do SNL, para coñecer os proxectos de normalización lingüística da nova equipa reitoral e para apresen-tar-lles unha proposta de iniciativas e liñas de actuación que poderían ser efectivas para conseguir o avance real do uso do galego dentro da universidade. Mantivemos tamén unha entrevista co vice-presi-dente do Real Clube Celta para presentar-lles unha táboa de rei-vindicacións e propostas concretas para aumentar a presenza do galego nas distintas actividades que realiza o clube de fútbol (publi-cidade, rotulación e megafonía, publicacións, intervencións públi-cas, etc.). Por outra parte, ante a crecente preocupación pola situa-ción do galego nas escolas infantís están-se a realizar na nosa zona unha serie de reunións ás que asistiron representantes da Mesa, pais e nais que se atopan nestes momentos co grave pro-blema de non dispor dun centro onde se garanta o respecto á lin-gua dos seus fillos e fillas, así como outras persoas interesadas nesta situación. Tentamos ter algunha proposta concreta para o curso que vén e precisamos do apoio de todas e todos os que tedes fillos nesa idade ou que esteades preocupados por esa situación. Así que, xa sabedes, convidamos-vos a botar unha man.

## Salnés

Na zona do Salnés está-se a realizar un intenso traballo en colaboración cos centros de ensino da zona (envío de tarxetas postais, carreira pola lingua, etc.). Ademais, A Mesa apresentou unha denuncia ante a xuíza do xulgado de 1ª instancia e de ins-trucción número 2 de Vilagarcía de Arousa pola negativa do Rexis-tro Civil a tramitar en galego a documentación relativa ao casa-mento dun cidadán que así o esixiu formalmente por escrito. A denuncia fixo-se extensiva a outras actuacións dese mesmo Xul-gado que non se axustan ao disposto sobre o uso tanto oral como escrito do galego. A Mesa fixo-lle chegar a denuncia tamén ao Director Xeral da Consellaría de Xustiza da Xunta de Galiza.

## O galego, ausente na nova lonxa de Vigo



A MESA dirixiu-se a Xoán Corral, presidente da Autoridade Por-tuária de Vigo e candidato do PP á alcaldía da cidade, a respecto das obras que se están a facer dende hai meses no porto de Vigo e denunciar o feito de que non se fixese en galego a rotulación exterior da nova lonxa do Berbés. Na fachada exterior do novo edi-ficio da lonxa instaláron-se unhas letras de enormes dimensións que compoñen a lenda: PUERTO DE VIGO. LONJA DE ALTURA.

A Autoridade Portuária excluíu o noso idioma da rotulación da nova lonxa, exclusión que, por outra parte, é práctica habi-tual en todos os seus escritos e comunicacións internas e externas; o uso do galego nos anuncios, convocatórias de con-cesións, avisos, publicidade, etc. é nulo, o que supón un com-portamento lingüístico moi afastado do compromiso na pro-moción do uso do galego que por lei e por dignidade lles corresponde aos poderes públicos. Polo seu enorme impacto cara ao exterior e pola significación identificadora que ten, esa exclusión do uso do galego resulta especialmente criticábel no rótulo da nova lonxa, sobre todo se temos en conta que se tra-ta dunha obra nova que, nos tempos que corren, debería facer-se dende unha actitude máis sensíbel e respeitosa co idioma do noso país.

Sabendo que se vai proceder proximamente á inauguración oficial destas novas instalacións, dende A Mesa pola Normali-zación Lingüística demandamos-lle que se corrixa antes da inauguración a rotulación exterior do edificio para recoller a ins-cripción no noso idioma e que se recupere na denominación ofi-cial o nome tradicional e lexítimo do barrio onde está ubicada a lonxa viguesa:

PORTO DE VIGO. LONJA DE ALTURA DO BERBÉS.

## UNIVERSOS PARALELOS

Denunciamos hai unhas semanas o incumprimento reiterado e a sabendas por parte da Administración de Xustiza da lexislación vixente en materia de dereitos lingüísticos no proceso aberto contra Brais Fernández, sócio da Mesa, como imputado nun suposto delicto de negativa á prestación social substitutória.

O citado incumprimento da lexislación fai referencia ao feito lamentábel de que tanto a Fiscalía do TSXG como a Audiencia Provincial da Coruña, sección terceira, ignoren a lexislación vixente en materia de toponimia e desoian as súas peticións escritas de que se respectase a súa vontade de recibir toda a correspondencia e notificacións en idioma galego. Non esquezamos que a lei é clara neste aspecto: "As actuacións xudiciais en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada. *En todo caso, a parte ou interesado terá dereito a que se lle enteiro ou notifique na lingua oficial que elixa.*" (Art. 7.2. da Lei de Normalización Lingüística). Tan só o Xulgado de Instrucción número 1 de Santiago, despois de que o interesado lle remitise dous escritos a este respecto, tivo a ben dar cumprimento a esta xusta demanda. Cinco escritos chegou a presentar o interesado solicitando que se cumprise a lexislación vixente, un deles dirixido ao propio Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, para poder conseguir finalmente que lle enviasen a citación en galego. Iso si, despois de que na última citación lle indicasen que, de non comparecer, sería decretada orde de busca e captura...

Desde A Mesa seguimos tamén este proceso e diriximo-nos ao presidente do TSXG que respondeu que se trataba dun caso illado e que xa realizara as xestións necesarias para solucioná-lo. Lamentablemente non é un caso illado e son moitos os atrancos que a propia Administración de Xustiza opón ao uso normal do noso idioma nas súas relacións cos galegos e galegas, unha situación que provoca na persoa que a sofre unha tremenda sensación de indefensión e impotencia.

## A Consellaria de Educación envía aos centros de ensino vídeos en español para materias de obrigada impartición en galego

A Consellaria de Educación da Xunta de Galiza enviou este curso a moitos centros de ensino secundario unha colección de vídeos didácticos en español como apoio para as aulas de diversas materias, entre elas Bioloxía e Xeoloxía, materias que, segundo a lexislación vixente, han de ser impartidas en galego. A Xunta de Galiza incumpre así a súa obriga legal de promover o uso normal da lingua galega e vai contra o espírito do Decreto 247/95, que regula o uso do galego no ensino. Esta falta de sensibilidade e de respecto á nosa lingua e á lexislación que a ampara por parte de quen máis responsabilidade e medios ten para facé-lo supón, ademais, unha burla para todo o profesorado que está a facer, cunha enorme precariedade de materiais e de apoio, un esforzo por cumprir a lexislación e introducir o galego na docencia.

Tendo en conta a enorme carencia que o profesorado ten de materiais didácticos na nosa lingua, sobre todo naquelas materias de carácter científico, resulta absolutamente intolerábel que a propia Consellaria de Educación non realizase unha versión en galego destes vídeos antes de enviá-los aos centros, a pesar de que o Decreto 247/95, que regula o uso do galego no ensino, establece que os materiais de apoio ás materias de obrigada impartición en galego –tal é o caso de Bioloxía e Xeoloxía– han de estar tamén nesta lingua. Como elemento especialmente curioso cabe destacar o feito de que algúns dos vídeos pertencen a unha campaña de promoción do uso do catalán no vídeo ("Catalá al vídeo"), promovida polo goberno catalán. Entre os materiais inclúese tamén un libro do profesor, impreso co logotipo da Xunta de Galiza, integramente en español e editado por unha empresa de Madrid.

Segundo informou a empresa distribuidora dos vídeos á Mesa, estes materiais foron mercados nun lote pola Xunta de Galiza para a súa posterior distribución aos centros de ensino, sen que se lles fixese nengunha consulta sobre a posibilidade de facer unha versión en galego. Vemos unha vez máis que os cartos públicos se utilizan para reafirmar o uso do español na escola, non para favorecer e promover a incorporación do galego.

### Tamén a recollida de datos para o IRPF en español

A Consellaria de Educación enviou tamén aos centros de ensino unha folla de recollida de datos dos traballadores e traballadoras a efectos de retencións do importe do IRPF, escrita en español. Ante as críticas recibidas por parte da CIG, a Xunta de Galiza eludiu a súa responsabilidade explicando que se enviara en español porque a folla aparecera publicada así no BOE. Parece que os cartos de Política Lingüística non dan para traducir ao galego un documento dun folio que vai recibir todo o profesorado. En cambio si dan, por exemplo, para un certame de panxoliñas que acaban de sacar a concurso cun orzamento de millóns...

## O Ministerio de Educación e a toponimia

O Ministerio de Educación e Cultura distribuíu este ano como agasallo unha Axenda de 1999 que inclúe un mapa de estradas do Estado Español e Portugal que, na parte correspondente a Galiza, utiliza formas toponímicas tan rancias como Mugia, Puente-Ceso, Lage, La Coruña, Órdenes, Mesón del Viento, Finisterre, Puebla del Caramiñal, Puerto del Son, Rianjo, Sangenjo, La Guardia, Bayona, Tuy, Puentearreas, Orense, Ginzo de Limia, Junquera de Ambía, Viana del Bollo, Chandreja, La Rúa, La Vega, Piedrafita del Cebrero, Vivero, Irijoa, El Ferrol ou Puente deume. Ademais, a devandita Axenda está redactada en catro idiomas, mais non nos catro idiomas oficiais do Estado Español, como sería lóxico e esperábel, senón en inglés, francés, alemán e español. A Mesa dirixiu-se ao novo Ministro de Educación e Cultura, Mariano Rajoy, para denunciar este incumprimento da lexislación vixente e esta falta de respecto pola nosa lingua, e para demandar que se expliquen as razóns polas que se segue sen revisar a toponimia utilizada e que se anuncien as medidas que se van tomar para que estes feitos non se volvan repetir. Diriximo-nos tamén ao presidente da Xunta de Galiza, Manuel Fraga, para "informá-lo" desta situación e solicitarlle que, desde o goberno galego, se dirixa tamén ao Ministerio de Educación e Cultura para demandar o cumprimento da lexislación vixente. Deles, nada se sabe...



# Seguimos traballando para que a galeguización do ensino médio sexa un feito, non un obxectivo

A inicios deste curso solicitamos unha entrevista co máximo responsábel da Consellaría de Educación, Celso Currás. Ao día seguinte contestou-nos que “non quería impor o galego.”

Na Plataforma do Alunado pola Galeguización do Ensino Médio estamos certas/os de que non é unha cuestión de imposición, senón de dereito que ten todo o estudantado a ser educado e formado na lingua do seu país, así que seguimos a traballar para que a Administración autonómica desenvolva os mecanismos necesarios que garantan o cumprimento do marco legal que ampara o noso idioma no ensino. Aínda que este marco legal nos pareza insuficiente, estamos por que se esgoten todas as súas vías e posibilidades. Baixo nengun punto de vista permitiremos que a Xunta de Galiza elida a enorme responsabilidade que ten sobre o normal ou anormal funcionamento da cuestión lingüística no ensino.

Aínda que a Administración autonómica ten sido receptor direto das nosas campañas e núcleo fundamental ao que diriximos as nosas críticas, na Plataforma non nos esquecemos da necesidade de implicar ao resto de colectivos da comunidade escolar, como o alunado ou o profesorado para lograr a plena galeguización do ensino.

## Na nosa lingua mellor aínda, fai os teu exames en galego.

Estes meses estivo-se a distribuír por todos os centros de ensino médio o material gráfico da última campaña da Plataforma do Alunado pola Galeguización do Ensino Médio, que leva por lema “Na nosa lingua mellor aínda. Fai os teus exames en galego”.

Consideramos que os exames poden representar un punto de partida moi importante para a galeguización dos distintos centros de ensino. As probas escritas ou orais que se realizan para avaliar os coñecementos do alunado adoitan ser para os estudantes o momento no que psicolóxicamente se senten máis fráxiles e indecisos. Conseguir supera-lo con garantías e facé-lo en galego sería un paso moi importante para a normalización do idioma no sistema educativo. Ademais os alumnos poden usa-lo como argumento para demostrar-lles aos profesores que eles si son responsábeis diante da cuestión lingüística.

## O Cartafol do estudantado xa está nos centros de ensino.

No segundo trimestre deste curso a Plataforma puxo en marcha unha nova iniciativa, a edición dun boletín trimestral co nome de *Cartafol do estudantado*. Este será de agora en diante o noso voceiro, no que recolleremos as nosas iniciativas, demandas, posicionamentos, reivindicacións, etc, e que nos permitirá manter constantemente informado ao alunado e así conseguir unha maior implicación deste setor nas nosas campañas e no proceso de galeguización do ensino en xeral.



No primeiro número, que foi o do 2ª trimestre deste curso, achegamos ao alunado o “Manifesto pola galeguización do ensino médio”. Nel asinala-se que o ensino está a ser unha das principais trabas que impiden ou non favorecen que o individuo asimile a lingua galega como a súa propia e como elemento esencial da súa identidade; a falta de medidas da Administración autonómica que garantan o cumprimento das leis que amparan ao noso idioma no ensino, así como a falta de responsabilidade do profesorado en materia lingüística a hora de desenvolver o seu papel docente contribuen a consolidar esa función. Por todo eso, consideramos que o alunado debería demandar que o profesor deixe de ser un elemento básico de transculturización e destrución da nosa lingua e reivindicar o dereito, como cidadáns do povo galego que son, a usar o idioma propio en calquera das manifestacións lingüísticas que se dean na comunidade escolar.

O noso obxectivo é que os alumnos acheguen este manifesto ao tutor ou tutora asinado por cantos máis compañeiros e compañeiras mellor, de xeito individual a cada profesor ou profesora e mesmo solicitar que o tema se trate nun Consello Escolar.

# Queremos sintonizar os Corenta Principais, non los Cuarenta Principales

Dende a súa criazón, A Mocidade pola Normalización Lingüística ten un obxectivo claro: a galeguización das novas xeracións, non como un fin en si mesma, senón dentro dun proxecto de normalización lingüística global da sociedade.

Somos conscientes de que conseguir ese obxectivo pasa por que aqueles ámbitos ou sectores máis próximos á xente nova se normalicen, caso dos medios de comunicación, sobre todo os radiofónicos, que son os máis demandados polo público infantil-xuvenil.

En Galiza a influencia que exercen estes medios de masas nas novas xeracións non favorecen en absoluto a súa galeguización, xa que o idioma propio brilla pola súa ausencia na maioría dos produtos impresos ou audiovisuais.

Por este motivo estamos a desenvolver unha campaña diri-

xida aos *40 principais*, cadea preferida pola maioría das mozas e mozos de Galiza.

A principios de abril enviamos-lle un escrito ao Director Xeral, para expresar-lle a nosa máis enérxica queixa pola total ausencia do galego na súa emisora. Nén o usan os DJ nen se escolta música feita na nosa lingua. Asimesmo, solicitamos-lle que se tomen medias ao respecto, que se promova o uso do galego en todos os programas que se emitan desde Galiza, que deben ser parte fundamental do conxunto, e a promoción da música e dos gupos e solistas galegos/os.

Agardamos unha resposta positiva por parte dos *40 principais*. De non ser así, tomaremos nós as medidas que sexan necesarias para que esta emisora varíe a súa liña desgaleguizadora.



## Algo se move no eido da sétima arte, pero non é a Xunta

A presión social exercida fronte a desidia xunteira conseguía, alá polo mes de setembro, a primeira medida institucional no referente a exhibición de filmes dobrados ao noso idioma nas salas comerciais de toda Galiza. Como recordaredes, 9.000 foron as instancias individuais e 16 as organizacións xuvenís que, dentro da campaña da Mocidade pola Normalización Lingüística, demandaron que a Xunta cumprise co que lle marca a Lei de Normalización Lingüística no referente á exhibición, distribución, dobraxe e lexendaxe de filmes na nosa lingua.

Ainda que o acordo ao que chegaron con Filmax foi positivo, non resulta o suficientemente substancial como para colmar as nosas expectativas. No "Manifesto polo galego no cinema," que xurdiu con posterioridade a convénio, recollemos as nosas consideracións ao respecto. Tamén sinalamos as medidas que debería tomar a executiva autonómica para que poidamos gozar de cinema na nosa lingua non de xeito excepcional, senón como algo normal. Cremos que a Xunta podería e debería ampliar os convénios con outras distribuidoras, que debería facer moito máis pola difusión da cinematografía que se está a criar en Galiza, subvencionar de xeito prioritario os filmes rodados na nosa lingua, crear un fondo cinematográfico (filmoteca) con dobraxe en galego e cos principais títulos da cinematografía mundial, etc.

As nosas reivindicacións cobraron un maior peso e razón de ser despois dos resultados positivos colleitados polos filmes distribuídos na nosa lingua. Ao éxito de "Un Amor por descubrir", o primeiro dos filmes do convénio, sumaron-se-lle outros como o de "Fiserra" que partiron da iniciativa privada. Este último filme estivo máis de mes e méio na carteleira de moitas das cidades e vilas galegas, sendo o máis visto nas primeiras semanas. Na maioría das zonas tivo que ser retirada por necesidades de mercado, xa que había novos filmes agardando pola estrea, cando aínda estaba nun nivel de asistencia de público moi bo.

O emparellamento lingua galega-sétima arte está a resultar un verdadeiro éxito de taquilla, superando, en moitos casos, as expectativas máis optimistas. Con isto demostra-se que o

argumento de que *o galego non é rendíbel a nivel empresarial ou que os produtos audiovisuais no noso idioma teñen escasa demanda*, non son xa aceptábeis como excusa.

A maioría dos galegos e galegas xa nos demos conta deso; pero a Xunta parece que aínda non, facendo certa a lenda de que non hai maior cego que o que non quere ver.

### Novos filmes no noso idioma

Na primeira semana de abril comezou-se a distribuír nas salas comerciais o terceiro dos filmes do convénio asinado pola Xunta de Galiza, a TVG e Filmax, "A noiva de Chucky". Un filme protagonizado por una parella de bonecos diabólicos que pretenden recuperar o estado de humanos.




AGAPI (Asociación Galega de Produtoras Independentes) está a promover diversos filmes na nosa lingua. Espera-se que para o outono saían títulos como "Arde amor" de Raul Veiga ou "Blanca Madison" de Xoán Xosé Cabanas Cao.

### Non temos pensado deter-nos

Na Mocidade pola Normalización Lingüística aspiramos a conseguir un pleno galego na carteleira, non a que se distribúan filmes de xeito excepcional e se faga a advertencia de que tal filme ou tal outro está "doblado en gallego". Por eso continuaremos a desenvolver as iniciativas que consideremos necesarias para tentar conseguir a plena galeguización do sector cinematográfico en Galiza.

## Necesitamos actividade nas bisbarras de todo o país



Neste recuncho do boletín, ti es máis ca nunca o protagonista do escrito. Si ti, que es unha moza ou un mozo dalgunha das moitas vilas e cidades que hai por todo o noso país.

Precisamos a tua colaboración, que te implique a nivel nacional na Mocidade pola Normalización Lingüística, pero sobre todo na tua zona, para así impulsar e consolidar o traballo local que dende sempre vén perseguindo a nosa organización.


Implica-te na Mocidade da MESA se ten un traballo organizado no lugar de onde ti es. Se non é así, impulsa a súa creación ou intenta levantar a actividade se esmoreceu por algun motivo.

Se estás interesada/o en colaborar de xeito puntual ou estábel pon-te en contacto coa coordinadora da MESA ou da Mocidade pola Normalización Lingüística na tua zona ou tamén podes chamar ao local de Santiago.

Necesitamos actividade nas bisbarras para conseguir con éxito os obxectivos que nos propoñemos.

Que esto funcione, depende de ti. Así de claro.

---



## A Mesa de debate

Con motivo da celebración das próximas eleccións municipais, A Mesa apresentou-lles o pasado mes de Febreiro aos catro grupos políticos con representación parlamentaria unha táboa de propostas e demandas referidas á normalización do uso social do galego, co obxectivo de que sexan estudadas e, de consideraren-se oportunas, sexan asumidas e incluídas nos correspondentes programas eleitorais das distintas formacións en todo o país para as municipais de xuño. Ademais desta presentación

aos grupos a nivel nacional, A Mesa mantivo encontros con algúns dos cabezas de lista das distintas formacións, sobre todo nas cidades, para debater máis polo miúdo estas propostas e engadir outras iniciativas de carácter máis local.

Tamén lle pedimos á CTNL, desde a súa experiencia directa de traballo nos servizos de NL de concellos e outras institucións, que nos explicase brevemente como se desenvolve o seu traballo e cales son as súas propostas no campo da administración.

## A Mesa presenta-lles aos grupos políticos 12 propostas de normalización lingüística para as próximas eleccións municipais

Como consideración previa, demandamos a galeguización a nivel oficial dos nomes de todas as persoas integrantes das listas eleitorais para que sexa a forma galega a que apareza oficialmente nas mesmas. Ademais, as propostas presentadas pola Mesa son as seguintes:

1. Creación dunha Concellaría de Normalización Lingüística. Onde non sexa posíbel, débese crear, se non o hai, o Servizo de Normalización Lingüística (SNL), encargado de elaborar un Plan Municipal de Normalización Lingüística e facer o seu seguimento. No caso de que non poida crearse a Concellaría de Normalización Lingüística, estes SNL dependerán directamente da Alcaldía para favorecer a súa capacidade de actuación en todos os departamentos.

2. Contribuír á promoción dos SNL nas Mancomunidades de Concellos e dos Servizos Comarcais de NL, que poden servir de apoio aos concellos pequenos que non poidan dispoñer de servizo propio, ao tempo que servir de elemento de coordinación no traballo pola normalización do galego.

3. Aprobación, onde non o haxa, dun regulamento interno de uso do galego que afecte ao Concello e a todas as dependencias de carácter municipal (Casa do Concello, centros deportivos, escolas municipais, etc.), acompañado das medidas que permitan o seu desenvolvemento e cumprimento a través de regulamentos específicos.

Debe-se impulsar de maneira especial a elaboración, aprobación e cumprimento dunha normativa específica referida ao uso obrigado do galego por parte de empresas concesionarias de servizos municipais e de empresas ou entidades que desenvolvan algún tipo de actividade acollidas a subvención municipal.

4. Realizar ao comezo do novo mandato municipal un Informe pormenorizado da situación do uso da lingua galega por parte do Concello, unha especie de auditoría lingüística, especialmente no que se refire ao grao de cumprimento da lexislación vixente (Lei 3/83 de Normalización Lingüística, Lei 5/88 de uso do galego por parte das entidades locais, Ordenanza Municipal, etc.). Este Informe debe servir de punto de partida para o deseño dun Plan Municipal de Normalización Lingüística ou para a súa reformulación se xa existe. Nel debe-se prestar especial atención a toda a documentación que emana do Concello (impresos, rexistros, notificacións, formularios, informes, edictos, bandos, etc.) e ao uso oral na atención á cidadanía. Os resultados dese Informe deben facer-se públicos.

5. Realización dunha campaña xeral de información e sensibilización co obxectivo de destacar ante a cidadanía o compromiso e a vontade do Concello na promoción do galego, ao tempo que infor-

mar dos datos dos últimos estudos de sociolingüística e tentar fomentar o uso e as actitudes positivas. Esa campaña pode contribuír a dar a coñecer o SNL municipal a través da creación dun Teléfono da Lingua, un número do tipo 902..., que a xente poida utilizar para informarse de cursos ou subvencións e axudas ao uso do galego, para canalizar denuncias, pedir asesoramento, etc.

Esta iniciativa debe contemplar unha liña de acción dirixida de maneira específica aos traballadores e traballadoras do Concello, con propostas sensibilizadoras e formativas que fagan especial fincapé na necesidade de que se dirixan á cidadanía en galego.

6. Creación dunha especie de Patronato da Lingua, no que haxa representantes das empresas, entidades e institucións máis significativas do concello co obxectivo de promover iniciativas normalizadoras conxuntas e de implicar a todo o mundo no traballo de promoción do uso do galego.

7. Estabelecer o compromiso de solicitar de todas as entidades, públicas e privadas, coas que o Concello mantén relación que a documentación que se remita ao Concello sexa enviada en galego. Ademais, debe-se demandar tamén o respecto da denominación do concello en documentación e publicacións alleas ao Concello pero que fagan referencia a el (por exemplo, nas guías telefónicas)

8. Promover a sinatura de convénios con empresas e asociacións para fomentar o uso do galego nas súas actividades e a colaboración e apoio ao traballo desenvolvido nos centros de ensino da zona.

9. Programas de formación para o persoal do Concello e dotación bibliográfica axeitada nos distintos departamentos, como medida de apoio ao uso do galego.

10. Incluír en todos os materiais editados pola Concellaría de Turismo, destinados á xente de fóra que visite a zona, un apartado dedicado á lingua (historia, situación sociolingüística, etc.), vinculando eses contidos coa nosa cultura e ofrecendo mesmo *itinerarios lingüísticos* pola zona con información de referentes concretos.

11. Revisión de toda a sinalética e rotulación urbana dependente do Concello (indicadores, paineis permanentes ou ocasionais, etc.), así como dos vehículos municipais e do mobiliario urbano. Debe-se prestar especial atención ao uso da toponimia. A nivel local, farase un estudo para recuperar os nomes tradicionais de ruas e barrios.

12. Organización por parte do Concello dun programa de actividades variadas para rapaces e rapazas, especialmente para os máis cativos, con monitores que estimulen a utilización do galego dentro do grupo.

## A Coordinadora de Traballadores e Traballadoras de Normalización da Lingua presenta-nos a sua proposta de organización dos servizos lingüísticos

A Coordinadora de Traballadores e Traballadoras de Normalización da Lingua (CTNL) é unha organización formada por persoas que, desde o punto de vista técnico, traballan en servizos lingüísticos ou centros semellantes. Entre os obxectivos desta entidade está a formación de todas estas persoas, a intercomunicación de todos estes centros, a través do seu persoal e elaboración de propostas que melloren a calidade do seu traballo. Froito precisamente dunha destas propostas, creouse no Consello da Cultura o Arquivo de Planificación e Normalización e en marcha están conversas con outras entidades acerca de necesidades específicas en materia de terminoloxía ou mesmo da propia formación.

A CTNL, coñecendo a situación precaria en que se atopan a maioría dos servizos lingüísticos do país, desde o punto de vista do persoal e dos medios pero tamén das súas tarefas, moitas veces desvirtuadas, elaborou un documento no que se analizan as necesidades e, tendo en conta os medios que se dedican na actualidade a crear e manter servizos, se propoñen algunhas solucións.

A seguir resumimos as liñas xerais desa proposta de organización territorial dos servizos lingüísticos, baseadas, sobre todo, na busca da maior rendibilización dos recursos e da máxima efectividade das accións de normalización en todo o territorio galego.

- Creación dunha entidade autónoma participada pola administración autonómica e os concellos, que podería ser un consorcio. Deste organismo, dirixido por un consello no que estean representadas as administracións consorciadas, dependerían as unidades necesarias e o persoal encargado de deseñar e executar os programas de normalización en todo o territorio.
- Este organismo único funcionaría cunha metodoloxía uniforme para deseñar propostas globais que terían o seu desenvolvemento e adaptación para cada zona e completaríanse

tamén con programas propios desa zona. Isto tería como consecuencia a formalización da política de normalización en programas cos correspondentes obxectivos, secuenciación e mecanismos de avaliación.

- O consorcio, a través de unidades territoriais distribuídas consonte criterios demográficos, socioeconómicos e sociolingüísticos, daría servizo a todos os concellos galegos e tamén a todas as entidades que o requirisen presentes nesas zonas -asociacións, empresas, etc.
- Ademais das unidades territoriais existirían uns servizos centrais con responsables especializados en cada unha das áreas de actuación que se encargaría do deseño -en comisións nas que tamén terían participación as unidades territoriais e outros organismos- dos programas de normalización.
- A estrutura contaría co soporte administrativo necesario.
- Proponse a creación da figura do valedor do falante que recolla todas as demandas e queixas canalizándoas dentro e fóra do propio consorcio.

No documento tamén se fixo unha comparación entre o número de servizos que funcionan cada ano con fondos da convocatoria de subvencións da Xunta de Galicia e as posibilidades que abriría este sistema de funcionamento chegando á conclusión de que se producirían importantes melloras cuantitativas e cualitativas.

A proposta foi presentada nos II Encontros de Normalización Lingüística organizados polo Consello da Cultura Galega e tamén foi enviada a partidos políticos e organizacións sindicais, así como á Federación de Municipios e Provincias e ás direccións xerais de Xustiza e Política Lingüística sen que, ata o momento, ningunha destas entidades se manifestara disposta a tratala máis polo miúdo.

CTNL

t e p t t t o t m  
e p s t t m t e  
m o e p o s o m p t  
n e s p e p m s o s p s  
o s o s p s

# TEMPOS

NOVOS

non se pode dicir que non nos gusten as Letras...


...por iso, este mes, máis

**Oferta subscripción**

15% desconto en todas as subscripcións recibidas durante maio

chame ó 981-557119

REVISTA GALEGA DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL



# fadamorgana

a literatura popular

Antonio García Teijeiro  
Alice Vieira  
o ilustrador. Sergio Casas

**número 1  
Á VENDA  
EN LIBRERÍAS**